



Charlas 5°EP

Enviado por [admin1](#) [1] o Mér, 11/26/2025 - 15:34

[Curso 25_26](#) [2]

O profesorado de 5º de EP, agradece enormemente o esforzo das familias que colaboraron nas charlas deste trimestre. O seu tempo, entusiasmo e compromiso fixeron posible que o alumnado gozase dunha experiencia diferente, chea de aprendizaxe e curiosidade.

Durante estas xornadas, o alumnado participou en dúas charlas científicas especialmente deseñadas para espertar a súa curiosidade polo mundo que os rodea.

Tivemos a sorte de contar con **María Isabel Oliveira**, enfermeira, que ampliou os nosos coñecementos sobre a célula, os virus e as bacterias, e con **María de la Fuente**, investigadora, que nos amosou o laborioso, pero non por iso menos fascinante, mundo da investigación e experimentación.

A través de explicacións claras, experimentos sinxelos e moitas preguntas, o noso alumnado descubriu como funciona a ciencia na súa vida cotiá.

No segundo trimestre, esperamos seguir contando coa valiosa colaboración das familias, cuxa participación enriquece enormemente o noso traballo e aporta tanto á aprendizaxe dos nenos e das nenas.



Feito con [Drupal](#) (ver. 6.28)



Proxecto [Webs dinámicas](#)

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/683>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/96>